

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE  
DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO**

**Lugar:** Sala de Xuntas de Posgrao e Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

**Data:** 11 de novembro de 2024

**Hora de comezo:** 12:30 h

**Hora de remate:** 13:45 h

**ASISTENTES**

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Raquel Gandón Chapela (directora da Área de Calidade)

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

**Excusas:**

Antonia Blanco Pesqueira (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

Ángeles Parrilla Latas (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores
2. Informe da presidencia
3. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de modificación de programas de doutoramento
4. Aprobación, se procede, da modificación da ficha técnica de medición de satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento
5. Rolda aberta de intervencións

## DELIBERACIÓNS

### 1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores

Apróbanse por asentimento as actas das sesións da Comisión de Calidade da EIDO do 26 de febreiro de 2024, o 20 de marzo de 2024, o 12 de xuño de 2024 e o 24 de xuño de 2024

### 2. Informe da presidencia

O subdirector da EIDO dá a benvida á Comisión a Raquel Gandón, quen se incorpora como nova directora da Área de Calidade da Universidade de Vigo.

O subdirector da EIDO informou dos seguintes puntos:

- 23/09/2024 recibíuse dende a ACSUG o Informe provisional de renovación da acreditación do PD DOMAR. O resultado foi Favorable condicionado a presentación dun plan de melloras. Todos os criterios están valorados con B (acádase), agás o 3-SGC (acádase parcialmente) por mor dos procesos de recollida e análise de información dos indicadores e das enquisas de satisfacción en todas as universidades participantes, e o 4-RRHH (supérase excelentemente). En colaboración coa CAPD do programa enviáronse alegacións e o plan de melloras solicitado.
- O 5/11/2024 recibíuse dende a ACSUG o Informe definitivo da renovación da acreditación do PD DOMAR. O resultado é Favorable polo que o título renova a súa acreditación por un período de 6 anos.
- Séguese a traballar no Plan de Calidade do SGC. Con respecto ao proceso de Dirección Estratéxica queda pendente de finalizar o Cadro de Mando e a Memoria da EIDO. En canto ao proceso de Xestión de Programas, xa está feita a revisión do proceso e estanse

rematando os últimos detalles dos documentos asociados (Declaración de Interese, Modelo de memoria de título e Informe anual de seguimento). A previsión é que estean rematados antes do final de ano.

- Celebrouse en Sevilla a XII Conferencia de Directores e Directoras de Escolas de Doutoramento ao que asistiu unha representación da EIDO. Dende o punto de vista de calidade, o mais interesante foi a sesión dedicada á acreditación institucional de escolas de doutoramento no que dúas universidades (Autónoma de Barcelona e Pompeu Fabra) deron detalles dos seus procesos de certificación da implantación do SGC, previo á obtención da certificación institucional.
- Como consecuencia da necesidade de adaptación dos programas de doutoramento ao RD 576/2023, deuse comezo ao proceso de modificación substancial dos programas de doutoramento. Este proceso coordinouse coa Universidade de Santiago e comeza, como se verá no punto seguinte da orde do día coas declaración de interese que deben presentar as CAPD.

Neste punto a profesora Paloma Morán sinala que este proceso é unha oportunidade para mellorar as memorias dos títulos e insiste na conveniencia das adaptacións ao Real Decreto para superar os procesos de avaliación.

### **3. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de modificación de programas de doutoramento**

Tras lembrar o calendario para a tramitación de verificación e modificación de programas de doutoramento establecido polo Vicerreitorado de Titulacións, o subdirector da EIDO informou do procedemento polo que se comunicou aos seguintes programas de doutoramento que tiñan que presentar declaracións de interese de modificación substancial para adaptar os títulos ao RD 576/2023:

#### **- PD non interuniversitarios:**

- Auga, sustentabilidade e desenvolvemento
- Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria
- Ciencias da educación e do comportamento
- Comunicación
- Creación e investigación en arte contemporánea
- Creatividade e innovación social e sustentable
- Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais
- Educación, deporte e saúde
- Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica
- Enxeñaría química
- Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida
- Nanociencia e biomedicina
- Ordenación xurídica do mercado

- Sistemas software intelixentes e adaptables
- Tecnoloxías da información e as comunicacións
- Tradución e paratradución

**- PD conxuntos interuniversitarios (nos que a UVigo é universidade responsable):**

- Análise económica e estratexia empresarial
- Biotecnoloxía avanzada
- Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión
- Ciencias sociais e envellecemento
- Equidade e innovación en educación
- Estudos lingüísticos
- Estudos literarios
- Física aplicada
- Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria
- Protección do patrimonio cultural
- Tecnoloxía aeroespacial: enxeñaría electromagnética, electrónica, informática e mecánica

**- PD conxuntos interuniversitarios responsabilidade doutras universidades:**

- Ciencia e tecnoloxía química
- Eficiencia enerxética e sustentabilidade en enxeñaría e arquitectura
- Endocrinoloxía
- Estatística e investigación operativa
- Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura
- Láser, fotónica e visión
- Matemáticas e aplicacións
- Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas
- Neurociencia e psicoloxía clínica
- Química teórica e modelización computacional
- Turismo

Estes últimos PD interuniversitarios dos que a UVigo non é a universidade responsable deberán indicar á universidade coordinadora a necesidade de realizar o proceso de modificación substancial e deberán seguir na UVigo o mesmo procedemento que os títulos coordinados localmente (é dicir, presentar a declaración de interese, a memoria modificada, etc).

Os programas que non parecen nas listaxes anteriores xa dispoñen de memorias adaptadas ás novas normativas e non é necesario que realicen este trámite.

De acordo co Calendario aprobado polo Consello de Goberno, o primeiro paso deste procedemento de modificación de memorias é presentar a declaración de interese de

modificación substancial. Nesta declaración deben incluírse brevemente os cambios que se realizarán na memoria de cada título e, entre estes, deben incluírse obrigatoriamente:

- A adaptación dos requisitos de acceso e os criterios de admisión (incluíndo aquí os cambios nos criterios de admisión que cada CAPD considere axeitados)
- A adaptación da duración dos estudos
- A adaptación das competencias que deben adquirir os doctorandos
- As modificacións derivadas dos informes de seguimento/acreditación dos que dispoña cada programa

É convinte incluír tamén na declaración de interese calquera outra modificación que as CAPD dos programas consideren axeitadas como, por exemplo:

- O cambio do número de prazos
- A actualización/modificación das actividades formativas
- A redución/simplificación/integración das liñas de investigación
- A actualización do profesorado do programa
- A actualización do contexto no que se atopa o PD facendo uso da información obtida durante o desenvolvemento do mesmo
- A actualización dos resultados esperados para o PD facendo uso da información obtida durante o desenvolvemento do mesmo
- A actualización da coordinación do PD

Apróbanse por asentimento, as declaracións de interese para as modificacións substanciais recibidas e dispoñibles na web da EIDO e delegase no director da EIDO á aprobación das declaracións dos programas en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ciencias Sociais e Envellecemento, pendentes de aprobación nas súas CAPD.

Non se recibiron declaracións de interese para verificación de novos programas ou de modificación non substanciais. Por outra banda, os coordinadores locais dos programas en Eficiencia Enerxética (responsabilidade da UPV) e Química Teórica (responsabilidade da UAM) informaron de que as universidades responsables non ían comezar o proceso de modificación das memorias.

#### **4. Aprobación, se procede, da modificación da ficha técnica de medición de satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento**

O subdirector da EIDO e o técnico de calidade Miguel Dorribo informan de que os informes de inserción laboral realizados polo Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo fanse de acordo cunha ficha técnica de medición aprobada pola Comisión de Calidade o 21/5/2021 no que se establecía que o período de realización da enquisa era no ano seguinte de finalización dos estudos de doutoramento. Para adecuar máis axeitadamente a realización da enquisa á realidade laboral dos titulados en estudos de doutoramento, propónse cambiar a ficha técnica para, ademais de incluír modificacións menores, ampliar este prazo a un

---

intervalo entre 18 e 24 meses. Apróbase por asentimento a ficha modificada que se achega como anexo.

**5. Rolda aberta de intervencións**

Non houbo.

## ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 11/11/2024

1. Aprobación das actas das sesións da Comisión de Calidade da EIDO do 26 de febreiro de 2024, o 20 de marzo de 2024, o 12 de xuño de 2024 e o 24 de xuño de 2024

2. Aprobación das declaracións de interese para as modificacións substanciais dos seguintes programas de doutoramento:

### - PD non interuniversitarios:

- Auga, sustentabilidade e desenvolvemento
- Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria
- Ciencias da educación e do comportamento
- Comunicación
- Creación e investigación en arte contemporánea
- Creatividade e innovación social e sustentable
- Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais
- Educación, deporte e saúde
- Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica
- Enxeñaría química
- Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida
- Nanociencia e biomedicina
- Ordenación xurídica do mercado
- Sistemas software intelixentes e adaptables
- Tecnoloxías da información e as comunicacións
- Tradución e paratradución

### - PD conxuntos interuniversitarios (nos que a UVigo é universidade responsable):

- Análise económica e estratexia empresarial
- Biotecnoloxía avanzada
- Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión
- Ciencias sociais e envellecemento
- Equidade e innovación en educación
- Estudos lingüísticos
- Estudos literarios
- Física aplicada
- Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria
- Protección do patrimonio cultural
- Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica

- PD conxuntos interuniversitarios responsabilidade doutras universidades:

- Ciencia e tecnoloxía química
- Endocrinoloxía
- Estatística e investigación operativa
- Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura
- Láser, fotónica e visión
- Matemáticas e aplicacións
- Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas
- Neurociencia e psicoloxía clínica
- Turismo

3. Aprobación da modificación da ficha técnica de medición de satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento:

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace  
O presidente



## **MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN**

### **PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO**

---

## **Ficha técnica da actividade de medición**

### **PERSOAS TITULADAS**

#### **Actividade**

Medición da satisfacción das persoas tituladas (doutores/as) cos programas de doutoramento (PD) da Universidade de Vigo.

#### **Obxecto da actividade**

Obter información útil relativa á satisfacción respecto dos PD para mellorar a calidade destes, e así contribuír á mellora da formación do estudiantado de doutoramento e á mellora da propia universidade.

#### **Responsable da actividade**

O Observatorio de Persoas Tituladas do Consello Social da Universidade de Vigo, que asume a dirección, supervisión e control xeral da súa realización, en colaboración coa dirección da Escola Internacional de Doutoramento (Eido).

As cuestións administrativas de preparación e de información son tratadas co Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

As cuestións técnicas (p.ex., o deseño do cuestionario, a metodoloxía de medición) son tratadas coa Área de Calidade.

As cuestións ligadas á presentación dos resultados son tratadas coa Unidade de Análises e Programas.

As cuestións ligadas á dispoñibilidade, funcionamento e mantemento das aplicacións informáticas que lle dan soporte á enquisa, así como a administración dos datos, son responsabilidade da Área de Tecnoloxías de Información e de Comunicación (ATIC).

## Alcance da actividade

### Ámbito

Abrangue todos os programas de doutoramento activos adscritos á Eido da Universidade de Vigo.

### Poboación

Todas as persoas tituladas matriculadas na Universidade de Vigo en todos os PD no curso respecto do cal se quere medir a satisfacción.

Tamaño da poboación:

O tamaño da poboación varía dependendo da matrícula anual de [novo ingreso](#).

De xeito aproximado, rango de 100 – 150 persoas.

Criterios de selección da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes

[A mostra é o resultado das persoas que consentiron a realización desta actividade.](#)

Tamaño da mostra ou número de persoas entrevistadas ou de persoas participantes

[En función do anterior \(mostra aleatoria simple\)](#)

## Modelo de medición

### Metodoloxía

Enquisa de satisfacción.

### Cuestionario

Cuestionario auto-administrado dispoñible en liña (aplicación informática).

Estrutura:

- Valoración dos aspectos ligados á empregabilidade e inserción laboral.
- Valoración da satisfacción global [cos estudos de doutoramento](#) (o PD)

## Escala de valoración

Preguntas de valoración cuantitativa:

Escala numérica con 5 graos de valoración (de 1 a 5), sendo 1 o valor máis negativo da escala, 3 o valor central e 5 o máis positivo.

1	2	3	4	5
Moi insatisfactorio	Insatisfactorio	Aceptable	Satisfactorio	Moi satisfactorio
Área de Insatisfacción			Área de Satisfacción	

Preguntas de valoración cualitativa: suxestións ou observacións.

## Planificación temporal

Frecuencia de realización

Anual

Período de realización

Nun rango de 18 meses – 24 meses despois de rematar o curso académico.

## Presentación dos resultados

Os informes de resultados recollen os datos para cada programa de doutoramento e o total agregado para todos os estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.

Resultados de participación:

-Número de participantes posibles, número de participantes que cubriron o cuestionario e taxa de resposta, segundo o sexo.

Resultados de satisfacción:

Os resultados de cada programa expresan a opinión media dos que responden ao cuestionario.

A valoración global de cada pregunta, criterio ou total da universidade calcúlase de xeito agregado tendo en conta todas as respostas (e non como cálculo de medias).

Especificacións técnicas (validez dos resultados)

Para un nivel de confianza de 95%, e  $p=q$ , o erro mostral determínase no estudo, para o conxunto da mostra e supondo mostraxe aleatoria simple.